



ARTE



Homenaxe a D. Paco Vales por A. Palla



ANBRAGE —.

fig. 1

## Notas para unha estética da galería

Por XOAN MANUEL ANDRADE VIDAL

“Artículo 57: todo propietario es árbitro de adoptar, para la fachada de su edificio, el tipo de arquitectura que más le plazca, mientras el proyecto no sea un conjunto caprichoso, sin relación ni carácter.

“Artículo 58: no se construirán adornos extravagantes en las fachadas, ni los que no estén en armonía con el destino y carácter del edificio.”

(*Ordenanzas Municipais. Concello de Betanzos, ano 1895*).

Podemos afirmar dunha maneira xeral que a busca de certa estética na construción da vivenda é unha base indiscutíbel, aparte da funcionalidade. E tampouco é moi difícil se decatarse, perante calquer feito de galerías, que estes xogos de cristal e madeira levan dentro de sí un carácter propio dentro dos elementos decorativos arquitectónicos. Fítemos, se non, a galería acristalada con ollar inquisitivo. ¿Será que son agradábeis à vista de por sí? ¿Ou haberá elementos en particular que convirtan o conxunto en algo harmónico?

Cando ollamos a fachada dunha casa agalerada, presenta-se aos nosos ollos un corredor que sobresaí do edificio a modo de balcón, pero que se diferencia deste último en que está cerrado ao exterior por un retículo de cristais, sustentado por unha estrutura de marcos de madeira. A galería forma así unha “doble parede” na arquitectura da casa e constitui un

volumen cerrado, sen formar parte ao mesmo tempo do interior da vivenda.

Pero ao dicir que a galería acristalada é un volumen cerrado ao exterior, tampouco queremos dar a entender que sexa hermético. Mais ben ao contrario, pois toda a superficie de cristais estrutura-se en función da abertura ao exterior: a fiestra. Tomemos o exemplo da galería máis simple (Fig. 1) e poderemos comprobar que o conxunto total consiste na repetición desta unidade básica. Dito doutro xeito: cada fiestra da galería constitui unha unidade básica que se repite ao longo de toda a fachada. A esta unidade imo-la chamamos panel-base (Fig. 2) e podemos distinguir nela tres partes claramente diferenciadas:

—Unha superior, fixa.

—Unha media, chamada mainel, que ten a propiedade de ser corredeira en vertical.

—Unha inferior, fixa.

En cada unha destas partes aparecen distribuídos os cristais en filas e columnas dun xeito regular menos na inferior, que só leva cristais na fila superior.

As galerías acristaladas xurden, pois, tendo como base a repetición. E se temos en conta que o ritmo se define como a repetición regular ou irregular dun elemento que imprime un carácter ornamental, decorativo e expresivo, xa temos un dos elementos polos que a galería




fig. 2

ANDRADE...

contén na súa esencia carácter ornamental: repetición dunha figura-base —cada cristal— dun xeito regular para conformar o panel-base, e repetición do panel-base en todo o conxunto da galería.

Hai que se decatar, ademais, de que esta repetición da que falamos non é irregular, senón regular, e de que se leva a efecto en función de outra finalidade: lograr simetrías. Así, podemos observar que no panel-base a distribución dos cristais aparece decote formando unha simetría xeométrica bilateral, de eixo vertical (Fig. 3). Ou que a repetición do panel-base na fachada, en filas superpostas, busca tamén este tipo de simetría elemental, podendo xogar daquela con

médio-panel ou tércio de panel para conseguila se fose preciso (Fig. 1, Fig. 7, Fig. 8b).




fig. 3

ANDRADE...

Partindo dos conceptos básicos de ritmo e simetría nas súas formas máis elementais, poden-se complicar as cousas en alto grado, ao xogar con formas novas e elementos decorativos. En concreto:

- Xogar coas formas dos cristais e converter a cristaleira en vidreira, formando conxuntos xeométricos (Fig. 4a) que às veces pasan a ser motivos florais (Fig. 4b) ou engadindo cristais de cores.




fig.4a

ANDRADE




fig.4b

ANDRADE

- Xogar con formas decorativas na fila inferior da parte inferior do panel-base (Fig. 5).
- Xogar con cenefas decorativas na zona superior dunha fila de paneis (Fig. 6a), entre dúas filas de paneis (Fig. 6b) ou na zona inferior (Fig. 6c).
- Xogar con elementos decorativos nos marcos verticais (Fig. 6d).
- Xogar coa distribución dos paneis no frontal da galería (Fig. 7).
- Xogar con modificacións na estrutura do panel-base (Fig. 8a).
- Xogar con modificacións na estrutura da galería (Fig. 8b).

Calquera destas posibilidades proporcionan à galería forma e extensión diferente, dependendo esta forma e exten-

sión da propia estrutura da casa en función da cal se construí a galería, pero sempre baixo unha pauta estética de conxunto, tal como queda expresado nas xa citadas Ordenanzas Municipais do ano 1895:

“Artículo 51: no se permite la construcción de miradores o galerías en los pisos principales: en los segundos y terceros podrán hacerse siempre que se correspondan verticalmente los ejes de los huecos con los pisos inferiores y se guarde relación y armonía en la decoración de todo el edificio.”

E esta estética de conxunto ten as suas




fig. 5

bases na simetria, tal como expón a documentación sobre reedificación de fachadas, con construción de galerías, anterior




fig. 6

a esta data, antes de existiren ordenanzas municipais algunhas sobre este tema (1).

Tendo en conta, pois, a cantidade de posibilidades citadas e tamén a posibilidade de combinar varias destas posibilidades simultaneamente, podemos comprender a inmensidade do universo estético creado nas "ciudades-cristal", o esforzo que é preciso facer por conservá-lo e a simplicidade que subxaz sempre baixo de toda complicación, pois a galería acristalada rixe-se por leis básicas de equilibrio compositivo: ritmo e simetria.





fig. 6d

(1) En Xuño de 1889, a Comisión de Obras do Concello de Betanzos tivo que emitir un informe con motivo da reedificación da fachada da casa situada na Rúa Nueva co número 31, propiedade de D. Manuel Naveira. Entre as condicións que se imponen para que esta obra poida se levar a cabo figura a seguinte:

*"Sexto: que en dicha fachada no se ha de abrir ninguna luz de suerte que afee su frente, más que las señaladas en el plano."*

Noutro informe con data de maio de 1887, que aproba a edificación dun piso sobre un almacén na rua das Monxas baixo proxecto presentado por D. Agustín Barros Varela, propietario do almacén, expresa-se esta condición:

*"1) Que dicha obra no se desviará nada del referido plano guardando completa si-*




ANDRÉ.

fig 7

as  
in  
a-  
û-  
a.  
ue  
:-  
ha  
ee  
a-  
37,  
in  
to  
o-  
li-  
la  
i-



metría las luces que iluminan la casa unas é otras al igual que las puertas de entrada.”



**fig. 8a**


Non embargantes, a idea dunha busca xeral de estética (non referida somentes ao edificio senón tamén ao seu entorno), queda perfectamente exposta no informe con data de maio de 1880 referente à reedificación da fachada da casa situada na rúa Cachiñas número 2, propiedade de D. Agustín Leis Cernadas. A Comisión de Obras informa que:

“Respecto de los cinco escalones, dos entremochetes y tres salientes conbinados con un asiento de respaldo si bien esto invade en cierta manera parte del solar del paseo del Cantón, como de ello se reporta gran ventaja a la casa del señor Leis (...) hermozeando en aquella parte el citado paseo y logrando a la vez presentar los huecos y las luces con la simetría correspondiente, que bien lo merece si se compara con la que en el día tiene, (...)”.

E esta simetría condiona a construción das galerías, como podemos apreciar no proxecto de reforma con respecto ao proxecto inicial que, con data de decembro de 1880, presenta asimesmo D. Agustín Leis. O informe da Comisión, entre outras cousas, di:

“... no hay inconveniente en permitir al señor Leis la modificación o reforma que solicita verificar en la obra proyectada, consistente en que se le permita convertir el corrillo central del segundo piso de la fachada de Cachiñas en galería (...) e igualmente hacer galería en las dos luces centrales del segundo cuerpo de la fachada que dice al paseo del Cantón (...): modificación que en nada perjudica al buen ornato, por que se mantiene sin la menor alteración la simétrica regularidad de ambas fachadas (...)”.

(Documentación pertencente ao Arquivo Municipal de Betanzos)



**fig. 8b**

Betanzos, 27 de Santos de 1982